

XENERAL IDI AMIN DADA

1827

Barbet Schroeder, 1974

ESTREA EN NUMAX: 15.09.2026 | V.O.S.E. | 86 min

Documental sobre o ditador ugandés responsable da morte de 300.000 compatriotas seus entre 1971 e 1979, e que saltou á actualidade internacional cando ordenou a expulsión do país de todos os habitantes de orixe asiática. Co beneplácito do propio Amin, a cámara séguese nun safari, unha competición de natación e outros eventos organizados para demostrar a súa popularidade, pero que en realidade deixan patentes a súa loucura e paranoia.

O pase foi programado polo director de fotografía Juan Meseguer, que tamén ofrecerá presentación e coloquio do mesmo.



Filmar desde un discreto segundo termo

Por Néstor Almendros

Con *Xeneral Idi Amin Dada*, Barbet Schroeder deume a oportunidade de volver ao documental a medio camiño da ficción, dunha reportaxe onde se provocaron as situacións e nas que o protagonista, Amin, colaborou. Esta foi a grande astucia do filme, implicar o ditador no proxecto, facelo coautor dunha caste de autorretrato. A película non podía rodarse máis que en 16 mm. porque Amin é un home que se despraza moito. O carácter portátil e miniaturizado con son directo conviña para non sermos molestos: a consigna era ficar nun discreto segundo termo. Tratábase de facer unha foto máis funcional ca estética, máis intelixente ca fermosa, porque o documento tiña un interese palpitante.

Tiñamos unha desas maletas Lowell que levan no seu interior pequenas lámpadas de cuarzo portátiles. A iluminación directa era moi crúa nos poucos interiores do filme. Porén, non botei de menos os meus *softlights* habituais, cuxo maior volume tería obstaculizado a rodaxe. Amin ten un rostro moi móbil e expresivo. Descubríñ que as luces direccionais producen nas persoas de pel moi escura reflexos que axudan á visibilidade da súa cara. Procurei sempre situar a Amin ante fondos non moi claros e en exteriores púñao sistematicamente cara ao sol para que as súas expresións fosen sempre ben visibles.

El mostrouse moi cooperativo, probablemente porque o compracía ser filmado por un equipo europeo. Por exemplo, na secuencia do barco no Nilo vin que era excesiva a diferenza de luminosidade entre a ponte cuberta do barco na que Amin se atopaba e o exterior. Timidamente pregunteille se non lle importaba filmar a escena ao descuberto. Pois ben, el mesmo tomou a caixa e instalouse no teito da embarcación. Deste xeito puido rodarse a entrevista sen dificultade: a imaxe comprendía á vez a figura do xeneral, a paisaxe fluvial e os animais aos que saudaba.

Empregamos un material clásico de reportaxe: a Éclair-Coutant 16 mm e un zoom Angenieux. O zoom permitíame pasar sen interrupción dun primeiro plano a un plano de conxunto, podía ficar nun punto fixo sen moverme, sen amolar, sen interferir no curso dos acontecementos. Como poderá observar o lector, non sigo regras ríxidas. Pode parecer que me contradigo dun filme a outro pero o certo é que non existe unha fórmula válida para todos os casos. O traballo que se pretende facer impón as súas propias regras.

Aínda que a película se rodou cámara en man, e esta é útil para seguir un personaxe en continuo desprazamento, rara vez o é cun personaxe sentado. Nada pode compararse en tal ocasión cun bo trípode. Cando se interroga un home como Idi Amin unha cámara que trema distrae a atención. Canto máis queda, precisa é a imaxe, cando máis limpo o son, mellor se transparentará a personalidade da persoa filmada e mellor vai chegar ao público. Algunhas persoas mostraron o seu asombro ante o feito de que Amin permitise filmar certas escenas. A verdade é que el se sentía orgulloso de facernos participar en situacións que consideraba exemplares.

Cando o filme tivo a súa estrea en París, Amin mostrou o seu descontento e esixiu varios cortes. E para que Shroeder atendese a súa petición fixo deter a todos os franceses residentes en Uganda a quen ameazou con represalias que podían xerar un serio incidente diplomático. Que eu saiba, foi a primeira vez na historia que a censura cinematográfica se exerce polo sistema de toma de reféns.

Publicado en *Días de una cámara* (Néstor Almendros, ECAM, 2026)



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Días de una cámara,
Néstor Almendros.
ECAM, 2026